

Pola parte social: por UGT, José Luis Bravo Montero e Javier Carreiro Vázquez. Por CC.OO., José Enrique Rodríguez Seijo e Narciso Martínez Ojea.

ACORDOS:

Segundo o establecido na disposición transitoria primeira do convenio, o incremento salarial para o ano 2005 será o IPC real de 2004+0,75%. Tendo en conta que o IPC o 31 de decembro foi o 3,2%, o incremento que se vai aplicar é dun 3,95%. Constatado o IPC, as partes reúnense, para actualizar os salarios, as axudas de custo e fixar o calendario laboral.

1. Artigo 37º.-Desprazamento e axudas de custo.

Respecto ás axudas de custo, estas terán as seguintes contías:

* Axuda de custo completa: 26,02 euros.

* Media axuda de custo: 12,4 euros.

2. Artigo 33º.-Xornada de traballo e horarios.

A xornada de traballo durante a vixencia deste convenio será de 40 horas semanais e será en cómputo anual de 1.784 horas.

Para adaptar a xornada laboral efectiva ao mencionado cómputo anual, corresponden 4 días libres. Para estes efectos serán inhábiles no sector os días 23 e 30 de decembro. Os dous días restantes desfrutaranse de común acordo entre a empresa e o traballador. O traballador que o 27 de decembro non desfrutase dos días restantes terá como días libres o 28 e 29 de decembro. Se xa gozase de parte deles, os restantes corresponderán desde o 28 ata esgotalos.

Dentro do concepto de traballo efectivo entenderánse comprendidos os tempos horarios empregados nas xornadas continuadas como descanso ou outras interrupcións cando por normativa legal o acordo entre as partes ou pola propia organización se entenden integradas na xornada diaria de traballo.

A este respecto establecese un período mínimo de 15 minutos.

O horario establecese de luns a venres salvo en empresas con tres quendas e que teñan necesidade de compensación de horas, neste caso, poderá traballarse o sábado ata compensar a xornada.

Táboa salarial 2005

Grupos/categorías profesionais	Salario base	Gratificación c. incentivos
<i>* Persoal obreiro</i>		
Peón	23,33 euros	6,11 euros
Lavador-engraxador	23,33 euros	6,11 euros
Especialista	23,37 euros	6,41 euros
Oficial 3ª	23,42 euros	6,64 euros
Oficial 2ª	23,42 euros	7,06 euros
Oficial 1ª	23,44 euros	8,09 euros
Oficial 1ª montador	23,44 euros	8,67 euros
Traballador menor de 18 anos	13,94 euros	3,51 euros

Grupos/categorías profesionais	Salario base	Gratificación c. incentivos
<i>* Persoal subalterno</i>		
Almacenero	23,33 euros	6,11 euros
Probador	23,46 euros	7,06 euros
Listeiro	23,42 euros	6,64 euros
Recepcionista	23,33 euros	6,11 euros
Pesador de básculas	23,33 euros	6,11 euros
Vixilante	23,33 euros	6,11 euros
Ordenanza	23,33 euros	6,11 euros
Porteiro	23,33 euros	6,11 euros
Conserxe	23,33 euros	6,11 euros
Chofer turismo	23,42 euros	7,06 euros
Chofer camión	23,44 euros	8,13 euros
Dependente auxiliar maior 25 anos	23,42 euros	6,64 euros
Dependente principal maior 25 anos	23,42 euros	6,64 euros
Telefonista	23,46 euros	6,64 euros
<i>* Persoal técnico</i>		
Mestre taller	29,27 euros	8,74 euros
Xefe taller	29,27 euros	10,26 euros
Contramestre	29,27 euros	8,74 euros
Encargado	29,27 euros	8,74 euros
Titulado medio	29,27 euros	10,26 euros
Titulado superior	30,65 euros	10,80 euros
Delineante proxectista	26,60 euros	10,26 euros
Delineante 1ª	26,54 euros	8,07 euros
Delineante 2ª	23,44 euros	8,09 euros
Calcedor reproducitor	23,42 euros	6,64 euros
Técnico de laboratorio	26,60 euros	8,74 euros
Analista	26,60 euros	8,74 euros
<i>* Persoal administrativo</i>		
Auxiliar administrativo	23,42 euros	6,64 euros
Oficial administrativo 1ª	23,44 euros	8,09 euros
Oficial administrativo 2ª	23,42 euros	7,06 euros
Xefe administrativo 1ª	23,44 euros	8,67 euros
Xefe administrativo 2ª	23,44 euros	8,13 euros
Caixeiro	23,42 euros	7,06 euros
Xefe de almacén	23,44 euros	8,13 euros
Xefe de contabilidade	23,44 euros	8,67 euros
Vixante e vendedor	23,42 euros	6,64 euros
Xefe de laboratorio	29,27 euros	10,26 euros
ATS	29,27 euros	10,26 euros

E sen máis puntos que tratar levántase a sesión cando son as 19.30 horas no mesmo lugar e día establecidos ao inicio, levantándose para o efecto esta acta, que en proba de conformidade, asinan os presentes por sextuplicado exemplar.

Resolución do 12 de abril de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da revisión salarial do convenio colectivo do sector de comercio vario.

Visto o expediente da revisión salarial do convenio colectivo do sector de comercio vario, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 23-3-2005 e subscrito pola parte económica por Asecode, Asamatec e asociacións de xoieiros, calzado e téxtil e pola parte social por UGT, CC.OO. e CIG o día 20-1-2005, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de fun-

cíons e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediação, Arbitraxe e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 12 de abril de 2005.

Cristina Azpilcueta González
Delegada provincial da Coruña

Convenio colectivo provincial de comercio vario
da provincia da Coruña

Acta.

Asistentes:

Parte empresarial:

Ángel López Martínez (Asecode).

Francisco Vázquez Alvedro (xoieiros).

Francisco Mosteiro Ponce (calzado).

Secundino Garrido Belmonte (material eléctrico).

Julia Pardo (téxtil).

Ramón Vila (téxtil).

Martín José Balboa Álvarez (xoguetería e tendas multiprezo).

Adolfo Fragoso (xoguetería e tendas multiprezo).

Manuel José Naya (xoguetería e tendas multiprezo).

Marina Graña (asesora).

Francisco González Outumuro (asesor).

Parte social:

Alfredo Santomil García (CIG).

Elena Barreiro García (CIG).

Juan Fco. Cousillas Mosquera (CC.OO.).

José Manuel Lemos Seoane (CC.OO.).

Nieves Montes Patiño (UGT).

Álvaro Cagigal García (UGT).

Na Coruña, ás doce trinta horas do día 20 de xaneiro de 2005, reúnense as persoas que á marxe se relacionan, compoñentes da comisión negociadora do convenio colectivo provincial de comercio vario, nos locais da Federación Provincial de Empresas de Comercio.

A parte social está representada polas centrais sindicais: UGT, CC.OO. e CIG, que, de acordo cos datos do SMAC, contan co cen por cen dos delegados do sector.

Pola parte empresarial, os que están fano en representación da *Asociación Empresarial del Comercio de Materiales de Construcción y Decoración* (Ase-

code), do gremio provincial de xoieiros, plateiros e reloxeiros da Coruña, da *Asociación Provincial de Empresarios del Comercio del Calzado de A Coruña*, da *Asociación Provincial de Mayoristas de Material Eléctrico* (Asomatel) e da *Asociación de Empresarios del Comercio Textil de la Provincia de A Coruña*, que asocian, entre todas, a maioría das empresas afectadas no ámbito do convenio e son as únicas representativas do sector.

Ambas as partes recoñecen mutuamente a capacidade necesaria para negociar o convenio de eficacia xeral e acordan:

1. Acórdase actualizar as táboas salariais correspondentes ao ano 2004, incrementando o 1,2%, que é o resultado da desviación do IPC, segundo así o estipulado no artigo 28 do convenio vixente.

2. Elabóranse as táboas salariais para o ano 2004, actualizadas.

3. Co obxecto de cumplir o estipulado no artigo 28 do convenio increménstanse as táboas salariais actualizadas do ano 2004 nun 2,75%, que corresponde ao IPC previsto polo Goberno (2%) máis o 0,75, que é o que se establece como incremento para este ano.

4. Confecciónanse as táboas salariais para o ano 2005.

5. Apróbanse as táboas que se xuntan, para a súa publicación no BOP.

E non habendo máis asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión ás catorce horas da data e lugar indicados no encabezamento.

ANEXO

Táboas salariais convenio comercio vario ano 2005

	SB mes (ano 2005)	SB ano (ano 2005)
Director/a	923,07 €	13.846,05 €
Titulado/a grao superior	923,07 €	13.846,05 €
Xefe/a de persoal	923,07 €	13.846,05 €
Encargado/a xeral	923,07 €	13.846,05 €
Xefe/a de administración	923,07 €	13.846,05 €
Xefe/a de vendas	835,39 €	12.530,85 €
Xefe/a de compras	835,39 €	12.530,85 €
Xefe/a de almacén	835,39 €	12.530,85 €
Xefe/a de sucursal	835,39 €	12.530,85 €
Xefe/a administrativo ou administración de segunda	835,39 €	12.530,85 €
Xefe/a de división	820,30 €	12.304,50 €
Escaparatista/decorador/a	820,30 €	12.304,50 €
Xefe/a de sección	779,76 €	11.696,40 €
Contable/caixeiro/a	779,76 €	11.696,40 €
Oficial administrativo/a	779,76 €	11.696,40 €
Xefe/a de grupo	779,76 €	11.696,40 €
Programador/a	779,76 €	11.696,40 €
Vixante	770,32 €	11.554,80 €
Xefe/a de taller/encargado/a de establecemento	770,32 €	11.554,80 €
Dependente/a	766,81 €	11.502,15 €

	SB mes (ano 2005)	SB ano (ano 2005)
Rotulista e cortador/a	766,81 €	11.502,15 €
Profesional de oficio de primeira	766,81 €	11.502,15 €
Chofer de camión	766,81 €	11.502,15 €
Titulado/a grao medio	766,81 €	11.502,15 €
Profesional de oficio de segunda	740,33 €	11.104,95 €
Cobrador/a/conserxe	740,33 €	11.104,95 €
Vendedor/cobrador	740,33 €	11.104,95 €
Corredor/a de praza	740,33 €	11.104,95 €
Intérprete	727,41 €	10.911,15 €
Profesional de oficio de terceira	727,41 €	10.911,15 €
Repoñedor/a/separador/a	727,41 €	10.911,15 €
Secretario/a/telefonista	727,41 €	10.911,15 €
Mozo/a especializado/a	727,41 €	10.911,15 €
Delineante	716,12 €	10.741,80 €
Auxiliar administrativo/a	716,12 €	10.741,80 €
Axudante	701,68 €	10.525,20 €
Axudante de cortador/a	701,68 €	10.525,20 €
Limpador/a	701,68 €	10.525,20 €
Mozo/a	701,68 €	10.525,20 €
Auxiliar de caixa	701,68 €	10.525,20 €
Vixilante ou sereno	701,68 €	10.525,20 €
Traballadores contratados en prácticas	565,06 €	8.475,90 €
Complemento transporte	75,33 €	
Complemento transporte día	3,00 €	

Táboas salariais comercio téxtil ano 2005

	SB mes (ano 2005)	SB ano (ano 2005)
* Grupo I		
-Persoal técnico titulado:		
Titulado/a grao superior	929,43 €	13.941,45 €
Titulado/a grao medio	826,17 €	12.392,55 €
Técnico sanitario	723,05 €	10.845,75 €
Axudante	723,05 €	10.845,75 €
* Grupo II		
-Persoal mercantil non titulado:		
Director/a	1.011,95 €	15.179,25 €
Xefe/a de división	929,43 €	13.941,45 €
Xefe/a de persoal, xefe/a compras, xefe/a vendas e encargado/a xral.	929,43 €	13.941,45 €
Xefe/a de almacén	835,75 €	12.536,25 €
Xefe/a de grupo	805,13 €	12.076,95 €
Xefe/a de sección mercantil	784,92 €	11.773,80 €
Intérprete, viaxante e corredor/a de praza	751,85 €	11.277,75 €
Encargado/a establecemento, vendedor/a e comprador/a	770,93 €	11.563,95 €
Dependente/a	749,55 €	11.243,25 €
Dependente/a maior	770,03 €	11.550,45 €
Axudante	677,37 €	10.160,55 €
* Grupo III		
-Persoal admvo., técnico non titulado:		
Director/a	1.011,95 €	15.179,25 €
Xefe/a de división	929,43 €	13.941,45 €
Xefe/a administrativo/a	835,62 €	12.534,30 €
Secretario/a contable	764,03 €	11.460,45 €
Xefe/a de sección administrativa	824,26 €	12.363,90 €
-Persoal administrativo:		
Contable, caixeiro/a, taquim. idioma estranxeiro	770,87 €	11.563,05 €

	SB mes (ano 2005)	SB ano (ano 2005)
Maq. contable, operador/a e oficial administrativo/a	764,03 €	11.460,45 €
Auxiliar administrativo/a ou perforista	722,34 €	10.835,10 €
Auxiliar de caixa	685,55 €	10.283,25 €
* Grupo IV		
-Persoal de servizos e activid. auxiliares:		
Xefe/a de sección de servizos	805,12 €	12.076,80 €
Dibuxante e escaparatista	804,50 €	12.067,50 €
Axudante montaxe, delineante, rotulista e visitador/a	724,71 €	10.870,65 €
Cortador/a	755,50 €	11.332,50 €
Axudante de cortador/a, xefe/a de taller e persoal oficio	732,40 €	10.986,00 €
Capataz, prof. ofic. 2ª e 3ª, axudante, mozo especialista, telefon. e ascensor.	716,11 €	10.741,65 €
Mozo, empaquetador/a e repasador/a	681,42 €	10.221,30 €
* Grupo V		
-Persoal subalterno:		
Conserxe, cobrador/a, vixilante, porteiro/a, sereno e ordenanza	683,15 €	10.247,25 €
Persoal de limpeza	678,55 €	10.178,25 €
Persoal de limpeza por horas	3,98 €	
Complemento de transporte	75,33 €	

Xa está aplicada a disposición transitoria 1ª nas táboas salariais.

Táboas salariais comercio pel ano 2005

	SB mes (ano 2005)	SB ano (ano 2005)
Axudante	688,32 €	10.324,80 €
Dependente/a	743,14 €	11.147,10 €
Dependente/a maior	754,22 €	11.313,30 €
Xefe/a de sección	773,02 €	11.595,30 €
Xefe/a de almacén	869,89 €	13.048,35 €
Xefe/a de sucursal	869,89 €	13.048,35 €
Encargado/a xeral	992,96 €	14.894,40 €
Encargado/a de compras e vendas	826,30 €	12.394,50 €
Mozo de almacén	688,15 €	10.322,25 €
Corredor/a de praza	741,41 €	11.121,15 €
Auxiliar de caixa	694,60 €	10.419,00 €
Contable/caixeiro/a	772,68 €	11.590,20 €
Xefe/a administrativo/a	923,48 €	13.852,20 €
Oficial administrativo/a	760,46 €	11.406,90 €
Auxiliar administrativo/a	699,75 €	10.496,25 €
Escaparatista	798,30 €	11.974,50 €
Complemento transporte	68,52 €	

CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA

Resolución do 5 de maio de 2005 pola que se convoca un curso avanzado sobre a xestión de emergencias no transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril.

Dentro do programa de actividades que o Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia